

NORMATIVA REGULADORA DOS CONCURSOS DE ACCESO AOS CORPOS DOCENTES UNIVERSITARIOS, ÁS CATEGORÍAS DE PROFESORADO PERMANENTE LABORAL E DE PROFESORADO AXUDANTE DOUTOR NA UNIVERSIDADE DE VIGO

(Aprobada no Consello de Goberno do 20 de decembro de 2024 e modificada no CG do 12/03/2025)

A entrada en vigor da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario (LOSU) actualizou o elenco de figuras do persoal docente e investigador das Universidades públicas españolas, introducindo cambios relevantes no que atinxe ao perfil e dedicación do Profesorado Axudante Doutor, Profesorado Permanente Laboral e profesorado dos corpos docentes universitarios. En liña co anterior, o Real Decreto 678/2023, do 18 de xullo, regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas dos ditos corpos.

O novo marco normativo demanda unha actualización das disposicións que na Universidade de Vigo rexen as convocatorias e os procedementos para a selección do profesorado das categorías indicadas para adaptalo ás novas esixencias legais.

Neste senso, en relación cos “Concursos para o acceso a prazas dos corpos docentes universitarios” o artigo 71.1 da LOSU dispón que:

“As universidades, de conformidade co que estableza a súa normativa interna, convocarán concursos para o acceso a prazas dos corpos docentes universitarios que estean dotadas no estado de gastos do seu orzamento, segundo se desenvolva regulamentariamente. En todo caso, os devanditos concursos contemplarán as seguintes condicións:

- a) A experiencia docente e investigadora, incluíndo a transferencia e o intercambio de coñecementos, terán unha consideración análoga no conxunto de criterios de valoración de méritos que terán en conta as universidades. As universidades poderán establecer na convocatoria outros méritos a valorar.*
- b) As comisións de selección estarán integradas por unha maioría de membros alleos á universidade convocante elixidos por sorteo público entre o conxunto do profesorado e persoal investigador de igual ou superior categoría á praza convocada. O dito sorteo realizarase a partir dunha relación cualificada de persoal docente e investigador elaborada pola universidade, nos termos en que se desenvolva na normativa interna”.*

Polo que se refire aos “Concursos para o acceso a prazas de persoal docente e investigador laboral”, o artigo 86 da LOSU establece que:

- 1. A selección do persoal docente e laboral investigador, agás as modalidades de Profesoras/es Visitantes, Profesoras/es Distinguidos e Profesoras/as Eméritos, así como as modalidades previstas na Lei 14/2011, do 1 de xuño, realizarase mediante concurso público, ao que se lle dará a publicidade necesaria e cuxa convocatoria será comunicada coa suficiente antelación ao rexistro público de concursos de persoal docente e investigador do Ministerio de Universidades. (...)*
- 2. As convocatorias deberán axustarse ao disposto no artigo 65 e no artigo 71.1, excluíndose desta disposición a selección de Profesoras/es Asociados (...).*

Tamén quedará excluída desta disposición a selección de persoal docente e investigador dos programas de excelencia que as comunidades autónomas recoñezan como tales (...)



Doutra banda, o Real Decreto 678/2023, do 18 de xullo, polo que se regulan as acreditacións estatais para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso ás prazas dos devanditos corpos, recolle distintas disposicións en relación cos concursos de acceso, como: os artigos 28 (sobre réxime xurídico), 29 (convocatorias de oposicións de acceso), 30 (requisitos dos aspirantes), 31 e 32 (comisións de selección), 33 (procedemento dos concursos de acceso), 34 (garantías de probas), 35 (proposta de provisión de postos e nomeamentos), 36 (comisións de reclamacións), 37 (reingreso de excedentes ao servizo activo), e disposición transitoria segunda (réxime transitorio de áreas de coñecemento).

Finalmente, o concerto asinado o 18 de outubro de 2001 entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde (no sucesivo, SERGAS), o artigo 105 da Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade; o Real Decreto 1558/1986, de 28 de xuño, polo que se establecen as bases xerais do réxime de concertos entre as Universidades e as institucións sanitarias; e o artigo 70 da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario, regulan o acceso a prazas con actividade asistencial vinculada por parte do persoal sanitario; completándose co artigo 32.5 do Real Decreto 678/2023 que regula a composición das comisións de acceso a estas prazas, e cos acordos e convenios de colaboración asinados entre o SERGAS e a Universidade de Vigo en marzo de 2021 e en decembro de 2023 para a utilización das institucións sanitarias na docencia do Grao Universitario en Enxeñaría Biomédica e do Máster Universitario en Enxeñaría Biomédica, respectivamente.

Unha das principais novidades derivadas da aprobación da LOSU atinxe á figura do Profesorado Axudante Doutor. Coa nova regulación intensifícase a idea de que é unha figura clave que marca o inicio da carreira académica, de aí que se fortaleza o sistema de acceso previsto para esta categoría equiparándoo ao do resto de figuras de persoal docente e investigador permanente.

Por todo o anteriormente exposto, para adaptar á lexislación vixente o réxime dos concursos de acceso á Universidade de Vigo para as categorías de Profesorado Axudante Doutor, Profesorado Permanente Laboral e para os corpos docentes universitarios, é que se aproba a presente normativa.

NORMA PRIMEIRA: Composición xeral das comisións de selección

1. As comisións de selección serán aprobadas polo Consello de Goberno, a proposta dos departamentos, e estarán compostas por cinco (5) membros no caso de concursos para Profesorado Axudante Doutor, por tres (3) membros no caso de concursos para Profesorado Permanente Laboral e concursos de acceso a corpos docentes universitarios **sen** actividade asistencial vinculada ao SERGAS, e por cinco (5) membros no caso de concursos para Profesorado Permanente Laboral e concursos de acceso a corpos docentes universitarios **con** actividade asistencial vinculada ao SERGAS. As comisións contarán cunha maioría de membros alleos á Universidade de Vigo.
2. Os membros das comisións terán que ser de categoría igual ou superior á da praza obxecto de concurso, da mesma especialidade de coñecemento á da praza obxecto de concurso ou, no seu defecto, de especialidades de coñecemento afíns, e contar todos eles cos méritos recollidos na lexislación vixente. No caso de prazas **con** actividade asistencial vinculada, o SERGAS propondrá, para formar parte das comisións, a persoas que deberán estar en posesión dos títulos de doutor/a e de especialista que se esixan como requisito para concursar.
3. Así mesmo, formará parte das comisións de selección unha persoa representante do



persoal traballador con voz e sen voto se así o solicita a propia representación sindical, a comisión ou algúns dos/as candidatos/as, sempre e cando este requirimento se faga antes da constitución da comisión.

As prazas que para cada convocatoria correspondan á mesma categoría, departamento e especialidade de coñecemento poderán ser xulgadas pola mesma comisión.

NORMA SEGUNDA: Propostas dos departamentos e do SERGAS

1. Correspóndelle aos Consellos de Departamento aos que se vinculen as prazas convocadas facer as propostas de membros que poidan integrar as comisións de selección.
2. A composición das comisións de selección deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, procurándose tanto para os membros titulares como suplentes unha composición equilibrada entre mulleres e homes, agás que non sexa posible por razóns obxectivas, fundadas e debidamente motivadas, garantíndose, en todo caso, a súa aptitude científica e docente.
3. Para a convocatoria de prazas de Profesorado Axudante Doutor, as propostas dos departamentos deberán recoller:
 - a) As persoas que asumirán presidencia e secretaría máis as súas respectivas suplentes, procurando, na medida do posible, que pertenczan á Universidade de Vigo.
 - b) Unha relación de oito (8) docentes alleos/as á Universidade de Vigo.

O conxunto destas doce (12) persoas deberá respectar a normativa de paridade entre homes e mulleres, agás por razóns fundadas e obxectivas, debidamente motivadas.

4. Para a convocatoria de prazas de Profesorado Permanente Laboral, Profesorado Titular de Universidade e Catedráticos/as de Universidade sen actividade asistencial vinculada ao SERGAS, as propostas dos departamentos deberán indicar:
 - a) A persoa que asumirá a presidencia ou a secretaría, co seu/a súa respectivo/a suplente, que, na medida do posible, serán persoas pertencentes á Universidade de Vigo.
 - b) Unha relación de oito (8) profesores/as alleos/as á Universidade de Vigo. No caso de que a presidencia titular e suplente recaesen en persoas alleas á Universidade de Vigo, poderase propoñer un mínimo de seis (6) persoas alleas, e ata dúas (2) que sexan persoal da Universidade.

O conxunto destas dez (10) persoas deberá respectar a normativa de paridade entre homes e mulleres, agás por razóns fundadas e obxectivas, debidamente motivadas.

No caso de que o departamento nomee secretario/a, dos oito (8) profesores/as alleos/as á Universidade de Vigo, catro (4) deberán ser, preferentemente, catedráticos para entraren no sorteo da presidencia, e os outros/as catro (4) no da vogalía.

5. Para a convocatoria de prazas de Profesorado Permanente Laboral, Profesorado Titular de Universidade e Catedráticos/as de Universidade con actividade asistencial vinculada ao SERGAS, as propostas dos departamentos deberán recoller:
 - c) As persoas que asumirán a presidencia e a secretaría, e as súas respectivas suplentes, procurándose, na medida do posible, que pertenczan á Universidade de Vigo.



- d) Unha relación de catro (4) docentes alleos/as á Universidade de Vigo.

O SERGAS designará, de acordo coa normativa de aplicación, a outras catro (4) persoas para asumiren a titularidade e a suplencia de dúas vogalías.

O conxunto das doce (12) persoas deberá respectar a normativa de paridade entre homes e mulleres, agás por razóns fundadas e obxectivas, debidamente motivadas.

6. As persoas que propoñan os departamentos para formaren parte das comisións desección deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Poderanse atopar en calquera das situacións administrativas ás que se refire o artigo 85.1 do Estatuto Básico do Empregado Público (e as equivalentes que procedan para o caso do PDI laboral consonte co convenio colectivo aplicable), salvo na de suspensión de funcións e na de excedencia distinta da excedencia voluntaria temporal para persoal investigador do artigo 17 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

Para estes efectos, se ben se terá en conta a situación administrativa dos membros das comisións na data de aprobación destas polo Consello de Goberno, o requisito deberá manterse no momento da publicación da convocatoria e durante todo o desenvolvemento das probas.

- b) As persoas que se propoñan para ostentar a presidencia deberán pertencer, en todos os casos, ao corpo de Catedráticos e Catedráticas de Universidade e contar con dous (2) tramos de investigación recoñecidos.

- c) As persoas propostas para desenvolver a secretaría e para seren vogais:

- i. Para prazas de Catedrático/a de Universidade, deberán ser Catedráticos/as de Universidade e contar, alomenos, con dous (2) tramos de investigación recoñecidos.
- ii. Para prazas de Profesorado Titular de Universidade, poderán ser Catedráticos/as de Universidade ou Profesores/as Titulares de Universidade, contando alomenos con un (1) tramo de investigación recoñecido.
- iii. Para prazas de Profesorado Permanente Laboral, poderán ser Catedráticos/as de Universidade, Profesores/as Titulares de Universidade, Contratados/as Doutores/as ou Profesores/as Permanentes Laborais, contando alomenos con un (1) tramo de investigación recoñecido.
- iv. Para prazas de Profesorado Axudante Doutor, poderán ser Catedráticos/as de Universidade, Profesores/as Titulares de Universidade, Contratados/as Doutores/as, Profesores/as Permanentes Laborais ou Axudantes Doutores/as, contando alomenos con un (1) tramo de investigación recoñecido.

Excepcionalmente, cando non sexa posible completar a comisión con membros que os cumpran, a Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) poderá eximir aos membros das comisións que vaian ser propostos como presidentes/as, secretarios/as ou vogais, dos requisitos referidos á categoría ou aos tramos de investigación esixibles.



NORMA TERCEIRA: Composición final das comisións

1. A COAP determinará, mediante sorteo público, a composición final das comisións de selección.
2. No caso de prazas de Profesorado Axudante Doutor, o sorteo determinará os tres (3) vogais titulares e suplentes. O resto de persoas ordenaranse tamén por sorteo conformando unha lista de vogais suplentes.
3. No caso de prazas de Profesorado Permanente Laboral, Profesorado Titular de Universidade ou Catedrático/a de Universidade **sen actividade asistencial vinculada ao SERGAS**, o sorteo determinará, en primeiro lugar, o/a presidente/a titular e suplente ou o/a secretario/a titular e suplente, dependendo da figura proposta polo departamento como non sorteable. De entre o resto de persoas incluídas na proposta sortearanse o vogal titular e suplente. O resto de persoas incluídas na proposta ordenaranse tamén por sorteo conformando unha lista de vogais suplentes.
4. No caso de prazas de Profesorado Permanente Laboral, Profesorado Titular de Universidade e Catedrático/a de Universidade **con actividade asistencial vinculada ao SERGAS**, o sorteo determinará un/unha (1) vogal titular e un/unha (1) vogal suplente de entre as persoas alleas á Universidade de Vigo propostas polo departamento, e outros/as dous/dúas. (2) vogais titulares e suplentes de entre as persoas propostas polo SERGAS.

O resto de persoas ordenaranse tamén por sorteo conformando unha lista de vogais suplentes.

NORMA CUARTA: Convocatoria

1. A convocatoria, realizada por resolución reitoral, determinará as prazas obxecto do concurso, sinalando a categoría ou corpo e a especialidade de coñecemento á que pertencen, podendo incluírse no perfil da praza o termo “materias da área” ou ben incluír ata dúas materias de formación básica e/ou obrigatoria da área de coñecemento (ata a entrada en vigor da listaxe de especialidades de coñecemento ás que fai referencia o Real Decreto 678/2023 de 18 de xullo). O departamento emitirá un informe razoado da xustificación do perfil proposto, que a COAP estudará para valorar e aprobar, se procede, a pertinencia do devandito perfil.
2. Na convocatoria concretaranse, así mesmo, os aspectos relativos á formalización das solicitudes, os prazos e medios de presentación das mesmas, as taxas a aboar e os medios de levar a cabo a liquidación, a composición da comisión, os baremos cos méritos a avaliar, as fases do desenvolvemento do concurso, e os seus prazos de acordo coa normativa vixente.
3. No caso de prazas de profesorado **con** vinculación asistencial, a convocatoria dos concursos realizarase conxuntamente pola Universidade e pola institución sanitaria, e será asinada polo/a reitor/a da Universidade, que será a institución responsable da súa execución.

NORMA QUINTA: Abstención/recusación e conflitos de interese

1. Os membros das comisións deberán absterse de actuar, e as persoas interesadas poderán recusalos, en calquera momento do procedemento, cando concorran neles algunha das



circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, de acordo co artigo 32.4 do Real Decreto 678/2023, do 18 de xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas dos ditos corpos, os membros seleccionados deberán declarar os seus posibles conflitos de interese e renunciar a formar parte da comisión cando concorra algunha das seguintes circunstancias respecto dalgunha das persoas candidatas ás prazas convocadas:

- a) Ter sido coautor ou coautora de publicacións ou patentes nos últimos seis (6) anos.
 - b) Ter mantido relación contractual ou ser membro dos equipos de investigación que participan en proxectos ou contratos de investigación xunto con algunha persoa candidata.
 - c) Dirixir ou ter dirixido a súa tese de doutoramento, defendida nos últimos seis (6) anos.
2. Unha vez publicadas as listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas do concurso, dende o servizo de Persoal Docente e Investigador remitirase á presidencia e á secretaría de cada comisión a información e a documentación precisa para a súa actuación, entre a que se incluírá a relación de persoas admitidas correspondente á praza ou prazas que esa comisión vaia avaliar.
- Todos os membros integrantes da comisión, tanto titulares como suplentes, deberán declarar formalmente se incorren, ou non, nos supostos de abstención e conflitos de interese antes indicados.
3. En caso afirmativo, así como nos supostos de recusación, a valoración da causa alegada corresponderalle ao/á reitor/a, que deberá resolver no prazo de tres (3) días hábiles, contados desde a recepción da renuncia ou da comunicación da causa de recusación, procedendo a continuación, se é o caso, ao nomeamento do suplente correspondente. Se tampouco fosen posibles estas substitucións, o Consello de Goberno procederá á designación de novos membros titulares e suplentes, para cubrir a vacante que se produza.

NORMA SEXTA: Constitución da comisión e desenvolvemento da fase de concurso:

1. A comisión deberá constituírse a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo no prazo de un (1) mes desde a publicación da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas. No caso de empregarse procedemento de urxencia, o prazo reducirase a quince (15) días hábiles.
- A COAP aprobará o emprego do procedemento de urxencia tendo en conta as peticións motivadas que formulen ao respecto os departamentos e/ou a Vicerreitoría con competencias en materia de concursos de profesorado.
2. No acto de constitución, a comisión elaborará o baremo en base ás pautas recollidas nos Anexos I e II.
3. O presidente ou presidenta da comisión convocará ás persoas aspirantes ao acto de



presentación cunha antelación mínima de dez (10) días hábiles, indicando lugar e hora para a súa celebración. O acto de presentación farase de xeito virtual, a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo. No caso de empregarse procedemento de urxencia, a antelación mínima será de cinco (5) días hábiles.

No acto de presentación, as persoas aspirantes entregarán o Curriculum Vitae Normalizado Completo (CVN), no que detallarán os seus méritos, historial académico docente e investigador e, de ser o caso, sanitario-asistencial, así como o seu proxecto docente e investigador adecuado á especialidade de coñecemento da praza obxecto de concurso. Ademais, entregarán un exemplar das publicacións e dos documentos acreditativos do consignado neste, con independencia de que a comisión poida solicitar documentación complementaria acreditativa orixinal ou compulsada.

Para os efectos da presente norma, o concepto de “entrega” incluírá a achega da documentación en soporte electrónico por calquera medio telemático institucional que garanta a súa efectiva e inmediata posta a disposición das persoas destinatarias, sen prexuízo de que, en casos excepcionais, e atendendo á natureza da documentación a presentar, esta só poida ser posta a disposición da comisión en papel ou mediante soporte físico.

A orde de actuación dos/as aspirantes será a derivada da aplicación da Orde ministerial que fai pública, para cada ano, a letra pola que comezará a actuación de aspirantes nas probas selectivas.

No caso de prazas de Catedrático de Universidade, Titular de Universidade e Profesorado Permanente Laboral, a comisión fixará e publicará o lugar e hora do comezo da proba, a cal deberá iniciarse nun prazo máximo de quince (15) días hábiles contados desde o día do acto de presentación. No caso de empregarse procedemento de urxencia, o prazo máximo será de cinco (5) días hábiles.

No caso de prazas de Profesorado Axudante Doutor a lugar, data e hora do acto de defensa se establecerán consonte se dispón no punto seguinte.

4. A comisión, unha vez recibida toda a documentación achegada polas persoas aspirantes á praza, avaliará os méritos de cada un delas dacordo co baremo fixado pola mesma en base ás pautas recollidas nos Anexos I e II.

No caso das prazas a Profesorado Axudante Doutor, unha vez finalizada a avaliación de tódalas persoas aspirantes, a comisión fará pública a puntuación provisional recibida por cada unha delas, concedendo un prazo de cinco (5) días hábiles para presentar reclamacións. Revisadas as mesmas, publicará a puntuación definitiva, de xeito que serán emprazados ao acto de defensa a aqueles aspirantes que tiveran superado 60 puntos dos totais especificados no baremo (100 puntos) tendo en conta a puntuación ponderada, ou o que é o mesmo 54 puntos sobre os 90 dos méritos a avaliar.

No propio acto, coas puntuacións definitivas e emprazamentos de candidatos e candidatas que superasen o antedito corte, a comisión fixará e publicará o lugar e hora do comezo da proba, a cal deberá iniciarse nun prazo máximo de quince (15) días hábiles contados dende o día de publicación das puntuacións definitivas obtidas na avaliación dos méritos. No caso de empregarse procedemento de urxencia, o prazo máximo será de cinco (5) días hábiles.

5. Nas prazas de Profesorado Permanente Laboral e Profesorado Axudante Doutor, os actos de defensa realizaranse de xeito virtual a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo obrigatoriamente para os membros da comisión que non pertenczan á Universidade de Vigo,



e de xeito presencial para os/as membros da comisión que formen parte da Universidade de Vigo e os/as candidatos/as que se presenten á praza.

No caso das prazas de persoal funcionario (Catedrático de Universidade e Profesorado Titular), os actos de defensa poderán ser presenciais ou mixtos, tendo que estar sempre necesariamente presentes os/as membros da comisión que formen parte da Universidade de Vigo e os/as candidatos/as que se presenten á praza.

No caso de que tódolos/as membros da comisión sexan alleos/as á Universidade de Vigo, a dirección do Departamento ao que pertence a área de coñecemento pola que sae a praza, velará polo correcto desenvolvemento de todo o proceso de defensa e selección, tendo que estar presente no momento da defensa para asegurar a presencialidade dos candidatos/as e o correcto desenvolvemento da mesma.

Os actos constarán dunha única proba que será pública, e que consistirá na exposición oral dos méritos e historial académico docente e investigador, así como do proxecto docente e investigador presentado, durante un tempo mínimo de trinta (30) minutos e máximo de unha (1) hora para as prazas de axudante doutor, e durante un tempo mínimo de trinta (30) minutos e máximo de dúas (2) horas para o resto das prazas contempladas nesta normativa. A continuación, a comisión debaterá co/a candidato/a durante un tempo máximo de dúas (2) horas sobre os seus méritos, o seu proxecto docente e investigador, e a adecuación destes ao perfil da praza obxecto de concurso.

6. Finalizada a proba, cada membro da comisión entregarlle ao/á presidente/a un informe razoado de avaliación, axustado aos criterios previamente fixados, de cada unha das persoas aspirantes.

NORMA SÉTIMA: Proposta de provisión

1. A proposta de provisión de prazas realizarase en base á puntuación acadada por cada candidato ou candidata e aos informes emitidos polos membros da comisión. En caso de empate recorrerase á votación, sen que sexa posible a abstención. De persistir o empate, dirimirá o voto do presidente ou presidenta.
2. As comisións proporán ao reitor ou reitora, motivadamente e con carácter vinculante, unha relación de todos os candidatos e candidatas que superasen a proba por orde de preferencia para o nomeamento/contratación dun número que non exceda o número de prazas convocadas a concurso.
3. Nas prazas de Profesorado Axudante Doutor a comisión poderá determinar unha porcentaxe mínima sobre o total de puntos que teñan que acadar os/as candidatos/as para superar a proba. De non acadar ningún candidato ou candidata a puntuación mínima, o proceso concluirá necesariamente coa proposta de non provisión, que deberá ser motivada de xeito expreso na concorrencia de tal feito.

NORMA OITAVA: Prazo máximo de resolución dos concursos

O tempo transcorrido entre a publicación da convocatoria e a resolución do concurso non poderá exceder de seis (6) meses. Para os efectos deste cómputo excluírase o mes de agosto.



NORMA NOVENA: Reclamacións

1. Contra as propostas das comisións de selección, os e as aspirantes poderán presentar reclamación perante o reitor ou reitora, no prazo de dez (10) días. No caso de empregarse procedemento de urxencia, o prazo máximo será de cinco (5) días hábiles.

Admitida a trámite a reclamación, suspenderanse os nomeamentos/contratacións ata a súa resolución. A reclamación será valorada:

- a) Nos concursos para o acceso aos corpos docentes universitarios e para a categoría de Persoal Permanente Laboral, pola Comisión de Reclamacións previstas estatutariamente.
 - b) Nos concursos para o acceso á categoría de Profesorado Axudante Doutor, pola Comisión de Reclamacións de Prazas de Persoal Contratado.
2. As comisións de reclamacións oírán aos membros da comisión de selección contra a proposta da cal se presentase a reclamación e aos candidatos e ás candidatas que participasen nelas, e examinarán o expediente relativo ao concurso para velar polo cumprimento das garantías establecidas.

Estas comisións ratificarán ou non a proposta reclamada no prazo máximo de tres (3) meses, tras o cal o reitor ou reitora ditará a resolución de acordo coa proposta das comisións. Transcorrido dito prazo sen notificar a resolución, entenderase desestimada a reclamación presentada.

3. Estas resolucións do reitor ou reitora poñen fin á vía administrativa e fronte a elas poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ou ben ser recorridas directamente perante a xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Disposición adicional primeira

Os departamentos poderán propoñer, para formar parte das comisións de selección, a funcionarios e funcionarias daqueles postos pertencentes a Corpos ou Escalas que consonte coa normativa vixente sexan considerados equivalentes aos corpos de Catedráticos/as de Universidade e Profesores/as Titulares de Universidade.

Disposición adicional segunda

As persoas candidatas acreditarán o coñecemento de alomenos unha das dúas linguas oficiais da Universidade de Vigo no momento de saída a concurso da praza, de conformidade co establecido na lexislación vixente e cos seguintes efectos:

- As persoas candidatas acreditarán un coñecemento suficiente do español como lingua estranxeira de nivel B2 ou superior, mediante algún dos certificados incluídos na táboa de acreditacións aceptadas pola Asociación de Centros de Linguas na Ensinanza Superior (ACLES). Estarán eximidas deste requisito as persoas que sexan nacionais de Estados que teñen o español como lingua oficial.



- A acreditación do coñecemento do idioma galego farase consonte coa normativa autonómica aplicable mediante un diploma Celga3 (ou equivalente) ou superior.

A Universidade disporá os medios necesarios para que o profesorado seleccionado que inicialmente non poda acreditar algunha das dúas linguas oficiais da Universidade de Vigo estea en condicións de facelo antes de transcorridos dous (2) anos desde a contratación ou nomeamento, de tal xeito que dous anos tralo nomeamento teña as competencias requiridas tanto en lingua española como galega.

Disposición transitoria primeira

Ata a entrada en vigor da relación de especialidades de coñecemento á que se refire o Real Decreto 678/2023, do 18 de xullo, e en consonancia co artigo 18.3 do Regulamento de Profesorado (Claustro do 24 de xullo de 2012), as referencias ás especialidades de coñecemento contidas nesta normativa considerarán áreas afíns as relacionadas no Apéndice II da Resolución de 18 de novembro de 2009, da Presidencia da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI), pola que se establecen os criterios específicos en cada un dos campos de avaliación.

Disposición transitoria segunda

O apartado primeiro da Disposición transitoria terceira da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario (LOSU) establece que a acreditación vixente de Profesor/a Axudante Doutor/a ou da figura equivalente na normativa autonómica, considerárase como un mérito preferente, durante os catro anos posteriores á aprobación desta Lei orgánica, a efectos do acceso á figura de Profesor/a Axudante Doutor/a.

En orde a favorecer a seguridade xurídica, establécese que nos concursos de Profesorado Axudante Doutor que convoque a Universidade de Vigo en 2024, 2025 e 2026, a puntuación máxima sobre 100 obtida, consonte o Anexo II e a disposición transitoria terceira, polos aspirantes acreditados que presenten un CV na especialidade de coñecemento á que se vincula a praza de Axudante Doutor/a incrementarase en 5 puntos.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas:

- a normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios e ás categorías de profesorado permanente laboral e de profesorado axudante doutor na universidade de Vigo, aprobada en Consello de Goberno de 3 de abril de 2024 e modificada nos Consellos de 30 de maio, 29 de outubro e 2 de decembro de 2024
- todas aquelas outras normas da Universidade de Vigo de igual ou inferior rango e sobre a mesma materia que resulten contraditorias e incompatibles co disposto nesta.

Disposición final

A presente normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno.



Anexo I

Pautas mínimas de elaboración do baremo para o acceso aos corpos docentes universitarios e para o acceso á categoría de Profesorado Permanente Laboral

O baremo para a valoración de méritos nos concursos para o acceso aos corpos docentes universitarios e para o acceso á categoría de Profesorado Permanente Laboral serán fixados polas comisións de selección no momento de constituírse e deberán respectar a seguinte pauta:

- a) Para prazas sen actividade asistencial vinculada, os méritos relativos ás categorías de “experiencia investigadora e de transferencia” e de “experiencia docente universitaria e de innovación pedagóxica” terán o mesmo peso, nunha marxe entre o 35% e o 45% do total da puntuación.
- b) Para prazas con actividade asistencial vinculada, os méritos relativos ás categorías de “experiencia investigadora e de transferencia” e de “experiencia docente universitaria e de innovación pedagóxica” terán o mesmo peso no total da puntuación.



Anexo II

Baremo para o acceso á categoría de Profesorado Axudante Doutor

O baremo para a valoración de méritos nos concursos para o acceso a categoría de Profesorado Axudante Doutor será fixado polas comisións de selección no momento de constituírense e valorarán os méritos das persoas candidatas tendo en conta os seguintes apartados e a puntuación máxima prevista para cada unha delas no seguinte cadro:

1. FORMACIÓN ACADÉMICA	10	90*
2. EXPERIENCIA INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA	30	
3. EXPERIENCIA DOCENTE E DE INNOVACIÓN PEDAGÓXICA	30	
4. EXPERIENCIA PROFESIONAL	5	
5. OUTROS MÉRITOS	5	
6. PROXECTO DOCENTE E INVESTIGADOR	10	
7. DEFENSA PROBA ORAL	10	
Total	100	

* Os méritos dos apartados 1 a 6 serán valorados con carácter previo ao emprazamento de candidatos/as ao acto de defensa, debéndose obter un mínimo de 54 sobre estes 90 puntos.

